



C/ Manoel Antonio, 4, 1º
15570 Narón – A Coruña
Tlf.- 617 040 992
correo@asociacioncometa.com
www.asociacioncometa.com

PROGRAMA DE ACTIVIDADES – AÑO 2009

Tendo en conta as dificultades que estamos atopando para continuar con todas as actividades desenroladas nestes catro anos, pensamos que é necesario reducir temporalmente os frontes de actuación e centrar o esforzo nos seguintes puntos:

1. Posta en marcha dun refuxio para animais abandonados que permita retomar a recollida: Adecuación do terreo, trámites administrativos necesarios para a obtención da licenza e actividades encamiñadas á obtención dos recursos económicos precisos.
2. Reforzamento da estrutura organizativa da asociación, tentando involucrar a máis socios no traballo a desenrolar.
3. Atención a colonias de gatos na rúa, coa esterilización dos animais que as integran e o seu posterior control.
4. Centrar o traballo de educación no respecto aos animais nos nenos. Para iso xa están levándose a cabo dúas actividades:
 - a. Ciclo de cinema infantil, en colaboración co Ateneo Ferrolán e a Asociación Libera!
 - b. Reparto en determinados centros educativos do conto “As aventuras de Brisco”, escrito, maquetado editado e publicado íntegramente pola Asociación COMETA

De calquera maneira intentaremos, en función das posibilidades existentes en cada momento, tanto económicas como humanas, levar a cabo todas aquelas actividades dirixidas a loitar polo benestar dos animais e polos seus dereitos, tales como campañas informativas e de sensibilización, actividades educativas, denuncias, etc.

Narón, 24 de abril de 2009